

O mercado

ÍNDICE DE CONTIDOS

PRESENTACIÓN

1. O MERCADO E OS SEUS ELEMENTOS.

2. A DEMANDA: AS VARIABLES QUE A DETERMINAN.

2.1. A demanda individual.

2.2. A curva de demanda; movementos ao longo da curva de demanda.

3. A OFERTA: AS VARIABLES QUE A DETERMINAN.

3.1. A oferta individual.

3.2. A curva de oferta, movementos ao longo da curva de oferta.

4. O PUNTO DE EQUILIBRIO.

4.1. Desprazamentos da curva de demanda.

4.2. Desprazamentos da curva de oferta.

4.3. Desprazamentos da curva de oferta e de demanda no equilibrio do mercado.

5. A ELASTICIDADE.

5.1. A elasticidade da demanda.

6. OS CÍRCULOS DA ECONOMÍA: CÍRCULO VICIOSO E CÍRCULO VIRTUOSO.

PRESENTACIÓN

Un dos aspectos dos que se ocupa a microeconomía é o do comportamento das **unidades económicas individuais**. Estas unidades están formadas por calquera individuo ou entidade que interveña na economía, é dicir, os consumidores, os traballadores, os aforradores, os investidores, as empresas, etc. Estas unidades económicas individuais, a interrelacionarse forman unhas unidades maiores: **os mercados e as industrias**.

A través desta parte da microeconomía imos analizar e comprender as relacións entre as empresas e os compradores; como se determinan os prezos, como evolucionan as industrias e os mercados e as diferenzas entre os distintos tipos de mercados.

Da análise das variables que interveñen no mercado "a demanda, a oferta e o prezo" e, polo tanto, do seu funcionamento, as empresas obteñen unha información relevante para a toma de decisións. O Estado, á súa vez, poderá axustar mellor as medidas correctoras dos desequilibrios económicos a través das súas diferentes políticas, como veremos en posteriores unidades.

1. O mercado e os seus elementos

Podemos clasificar as unidades económicas en dous grandes grupos: **compradores e vendedores**. Os compradores están formados polos consumidores, que compran **bens e servizos finais**, e polas empresas, que compran traballo ás economías domésticas e, á súa vez, bens e servizos (**materias primas**, asesoramento, etc.) a outras empresas para poder realizar a súa actividade económica.

O grupo dos vendedores está formado, en xeral, polos traballadores que venden o seu traballo e polas empresas que venden os seus produtos ou servizos.

AS INTERRELACIÓNS ENTRE OS COMPRADORES E OS
VENDEDORES FORMAN O MERCADO

Tradicionalmente, o mercado era un lugar físico no que se compraban e vendían bens. As feiras medievais eran un exemplo histórico do que dicimos, pois nelas a xente compraba e vendía alimentos, animais, etc.

Na actualidade seguen existindo os mercados como lugares físicos perfectamente identificables (a tenda do barrio, os hipermercados, etc.), pero tamén é verdade que as novas tecnoloxías fan un tanto obsoleto este concepto de mercado, xa que non é necesario desprazarse, non hai lugares físicos (Internet) nos que se realizan operacións de compra e venda.

No **mercado**, entran en contacto os compradores, que son os *demandantes*, e vendedores, que son os *oferentes*. Ambos os dous determinan conxuntamente os prezos dos bens e servizos. Polo tanto, o mercado podémolo definir do seguinte xeito:

O MERCADO



É o "mecanismo" mediante o cal os compradores e os vendedores determinan conxuntamente o prezo e a cantidade dos produtos que se intercambian.

Da definición anterior podemos deducir que existen tres elementos básicos:

1. Os compradores, que desexan adquirir bens e/ou servizos.
2. Os vendedores, que desexan vender os seus produtos.
3. Os prezos, que permiten o intercambio.

2. A demanda: as variables que a determinan

A demanda pode analizarse tanto de forma individual como colectiva. Se se trata dun só suxeito, falamos de **demanda** individual, e se se trata dunha colectividade, do conxunto dunha nación ou grupo de suxeitos, falamos de **demanda de mercado**.

2.1. A demanda individual

A cantidade demandada dun ben ou servizo por un consumidor depende das seguintes variables:

P_X = Prezo do ben ou servizo demandado
 P_Y = Prezo doutros bens (*substitutivos e complementarios*)
 E = Renda do consumidor (*bens inferiores, normais e de luxo*)
 G = Gustos ou preferencias

$$D_X = F(P_X, P_Y, e, G)$$

- **O Prezo do ben ou servizo (P_X).** Varía en relación inversa coa cantidade demandada. En xeral, o comportamento é o seguinte: a medida que o prezo dun ben descende, a cantidade que un consumidor estará disposto a demandar aumentará. Pola contra, se o prezo aumenta, a cantidade demandada diminuirá.

- **Prezo doutros bens ou servizos (P_Y).** Unha variación no prezo doutros bens e servizos pode influír na demanda do consumidor de diferente xeito segundo se trate de *bens ou servizos substitutivos ou complementarios*.

Dous bens ou servizos son substitutivos cando o consumo dun deles *substituír* o consumo do outro. Por exemplo, realizar unha viaxe en autobús ou en tren son dous servizos substitutivos. Neste caso, unha suba no prezo da viaxe en autobús xerará un incremento de demanda das viaxes en tren.

Dous bens ou servizos son complementarios cando o consumo dun leva asociado o consumo do outro. Este, por exemplo, sería o caso dun vehículo con motor de gasolina e a

propia gasolina. Un aumento do prezo da gasolina, normalmente, provocará unha diminución na demanda de vehículos de gasolina.

• **Renda do consumidor (Y).** A cantidade demandada dun ben ou servizo en función da renda do consumidor tamén variará segundo o tipo de ben ou produto a consumir. Así temos:

☐ Os **bens inferiores** son aqueles cuxa *demanda diminúe ao aumentar a renda* do consumidor. Adóitanse substituír por outros de calidade maior como por exemplo o aceite de xirasol respecto ao de oliva.

☐ Os **bens normais** cuxa *demanda* aumenta nunha proporción similar ao *aumento de a renda* do consumidor. Son a maioría dos bens que se consomen habitualmente.

☐ Os **bens de luxo** son aqueles cuxa *demanda aumenta máis que proporcionalmente ante un aumento da renda* do consumidor. É o caso dos bens cos que se incrementa o prestixio social do consumidor (coches de luxo, xoias, etc.).


• **Gustos ou preferencias (G).** Inflúen dun xeito decisivo na demanda dos bens e dos servizos. Os factores que inflúen nas preferencias dos consumidores son moi variados. Un dos factores máis importantes son os *sociais*, por exemplo, as crenzas relixiosas, que inciden de xeito importante no consumo de determinados bens como a carne de porco ou o peixe, etc. Ademais, estes factores sociais están en permanente evolución, o que provoca continuos cambios nos gustos e nos costumes dos consumidores.

2.2. A curva de demanda; movementos ao longo da curva de demanda

Se todas as variables que vimos que inflúen no comportamento da demanda dun ben ou servizo X (P_X , P_Y , e , G) *variasen* simultaneamente, o estudo da Función de Demanda complicaríase considerablemente polo que, para simplificar o seu estudo, consideramos que **todos os factores agás o prezo do ben ou servizo (P_X), permanecen constantes.**

A Curva de Demanda dun ben ou servizo vén determinada por aqueles puntos que ndican as diferentes cantidades de devandito ben ou servizo que un consumidor está disposto a comprar a diferentes prezos.

PRESENTACIÓN GRÁFICA DA CURVA DE DEMANDA (D_e)



Para representar graficamente a Curva de Demanda, partimos da demanda dunha cantidade de ben Q_1 ao prezo P_1 . Deste modo obtense o punto A.

Se o prezo aumenta ata P_2 , o consumidor reaccionará diminuíndo a súa demanda a Q_2 (sempre e cando os demais factores permanezan constantes). En consecuencia, a cantidade demandada diminuírá ata o punto B.

Por outra parte se o prezo diminúe a P_3 , a demanda aumentará ata Q_3 , establecéndose no punto C. Así sucesivamente e unindo todos os puntos, obtemos unha curva á que chamamos CURVA DE DEMANDA.

A variación do prezo (P_1 , P_2 e P_3) provoca movementos ao longo da curva de demanda (entre os puntos A, B e C).

A curva de demanda é decrecente: a maior prezo, menor cantidade de produto demandada.


A función de demanda que utilizamos é unha función individual, xa que está construída a partir das preferencias dun consumidor en concreto.

Para representar a demanda do conxunto dos consumidores utilízase a curva de demanda do mercado, que se obtería agregando as curvas de demanda de todos os individuos para cada prezo do ben.

A demanda é a cantidade total que os consumidores (individuos, empresas e Estado) están dispostos a comprar nun período de tempo.
Depende da poboación, a renda e a súa distribución

Polo tanto, para obter a Curva de Demanda súmanse ou agréganse todas as curvas de demanda de todos os individuos do mercado.

3. A oferta: as variables que a determinan



Ao igual que a demanda, a oferta tamén pode analizarse tanto de forma individual como colectiva. Se se trata dun só produtor, falamos de *oferta* individual, e se se trata da colectividade de produtores, falamos de *oferta de mercado*.

3.1. A oferta individual

A cantidade ofrecida (oferta O_x) dun ben ou servizo por un produtor depende de distintas variables:

P_x = Prezo do ben ou servizo ofrecido)
 C = Custos de produción
 G = Outros factores (*tecnoloxía, obxectivos,...*)

$$O_x = F(P_x, P_y, C, G)$$

□ **O Prezo do ben ou servizo (P_x)**. A diferenza do que acontece no caso da demanda, *determina a cantidade ofrecida de xeito directo*. Se o prezo aumenta, a cantidade ofrecida tamén aumentará, posto que as expectativas de beneficios serán maiores e, polo tanto, os produtores a ese prezo maior, estarán dispostos a ofrecer máis produtos. Se diminúe, tamén o fará a cantidade ofrecida ao ser menor o **interese** por producir.

□ **Custos de Producción (C)**. Se aumentan, a empresa verá diminuír os seus beneficios e, consecuentemente, formularase diminuír a produción para minimizar os seus custos.

□ **Outros Motivos (G)**. O **nivel tecnolóxico** da empresa inflúe de xeito directo sobre a oferta. A incorporación de novas tecnoloxías supón un aumento nos niveis de produción, unha mellora de calidade e diminución nos custos de fabricación, o que provocará un incremento ou aumento da oferta. Os **Obxectivos Empresariais** tamén inflúen na oferta. Obxectivos como a ampliación da cota de mercado, a eliminación dalgún competidor, etc., orixinan variacións na oferta.

3.2. A curva de oferta, movementos ao longo da curva de oferta


Se todas as variables que vimos que inflúen no comportamento da oferta dun ben ou servizo X (P_X , P_Y , C , G) varíasen simultaneamente, o estudo da Función de Oferta complicaríase considerablemente, polo que para simplificar o seu estudo, consideramos que **todos os factores agás o prezo do ben ou servizo (P_X) que se ofrece, permanecen constantes.**

A **Curva de Oferta** dun ben ou servizo é o lugar xeométrico dos puntos que indican as diferentes cantidades de devandito ben ou servizo que a empresa está disposta a ofrecer a diferentes prezos.

REPRESENTACIÓN GRÁFICA DA CURVA DE OFERTA (O_f)

CURVA DE OFERTA

Permanecendo constantes todos os factores agás o prezo do ben ou servizo



Para representar graficamente a Curva de Oferta, supoñemos que unha empresa que produce un determinado ben ofrece Q_1 unidades deste ao prezo P_1 . Deste modo obtemos o punto A. Se o prezo do ben aumenta ata P_2 incrementaranse os ingresos e con eles o beneficio da empresa, polo que ofrecerá a este novo prezo máis produto Q_2 , obtendo o punto B. Pola contra, cando o prezo do ben diminúe ata P_3 , os beneficios tamén o farán e a empresa diminuírá a súa oferta ata Q_3 , obtendo o punto C. Unindo todos os puntos das diferentes combinacións entre o prezo e a cantidade ofrecida obtemos a CURVA DE OFERTA (O_f). A variación de prezo (P_1 , P_2 e P_3) provoca movementos ao longo da curva de oferta (entre os puntos A, B e C).

A curva da oferta é crecente. A maior prezo, maior cantidade de produto ofrecida e viceversa.

Ao igual que na demanda, a función de oferta que utilizamos é unha función individual, xa que está construída a partir das preferencias dun produtor en concreto. Para representar a oferta do conxunto dos produtores utilizamos a curva de oferta do mercado, que se obtén agregando as curvas de oferta individuais de cada empresa para cada prezo do ben ou servizo.


4. O punto de equilibrio

Nos puntos anteriores, estudamos como funciona a nivel teórico e de xeito separado a demanda e a oferta. Agora imos relacionalas co obxecto de analizar o seu comportamento e de aí elaborar a **teoría do prezo do mercado**.

Nas economías de mercado o prezo dos bens e dos servizos determínanos o mercado mediante o equilibrio entre a oferta e a demanda


O punto de equilibrio é o punto en que as cantidades que están dispostos a comprar os demandantes coincide coa que están dispostos a ofrecer os oferentes para un prezo determinado

Graficamente:




A Lei da oferta e a demanda pon de manifesto que os prezos se establecen no mercado, a través da acción que se establece entre a oferta e a demanda. Esta acción provoca un mecanismo de axuste que desemboca nunha **situación de equilibrio**. Pero antes de chegar a este punto de equilibrio, poden darse dúas situacións posibles: *o exceso de oferta e o exceso de demanda*

O **exceso de oferta** prodúcese cando a cantidade ofrecida polas empresas (O_1) supera a cantidade que os consumidores están dispostos a comprar (Q_1) a un determinado prezo (P_1). En consecuencia, *existe un exceso de produto non vendido a este prezo*.




Se as empresas desexan vender este exceso, deberán *reducir o prezo*. Esta redución ten consecuencias diferentes sobre as *empresas (oferentes)* e sobre os *consumidores (demandantes)*: A diminución do prezo non poderá ser soportada polas **empresas** que teñan uns custos unitarios máis elevados que o resto e veranse obrigadas a saír do mercado. En consecuencia, prodúcese un descenso *da cantidade de produto ofrecida no mercado*. Este descenso represéntase mediante un **movemento ao longo da curva de oferta do mercado**.

O **exceso de demanda**, pola contra, prodúcese cando a cantidade demandada polos consumidores (Q_2) a un determinado prezo P_2 é superior á ofrecida (O_2). Nesta situación, cabe distinguir a reacción dos *consumidores* e das *empresas*:



O aumento do prezo provoca que se *diminúa a demanda*, xa que algúns consumidores non estarán dispostos a pagar un prezo máis elevado e renunciarán ao ben. Deste modo, prodúcese un **movemento ao longo da curva de demanda** en sentido contrario ao anterior.

Ao aumentar o prezo, as empresas considerarán máis rendible a súa produción e *incrementarán o número de unidades que ofrecen*. Tamén se producirá un **movemento ao longo da curva da oferta** en sentido contrario.



O Equilibrio de mercado
prodúcese cando se alcanza un prezo (P_e) no que a cantidade ofrecida (O_e) e a demandada (Q_e) coinciden ($O_e = Q_e$)

4.1. Desprazamentos da curva de demanda

As modificacións da curva de demanda poden ser de dúas maneiras distintas:

- *Ao longo da liña da curva de demanda* (cando o prezo do ben sofre algunha modificación).
- *Mediante un desprazamento cara á dereita ou esquerda da curva de demanda* (cando hai algunha modificación en calquera dos restantes factores que inflúen na demanda, é dicir: Na variación do prezo dun ben substitutivo (P_y), Na renda dos consumidores (R), e nos gustos dos consumidores (G).

O primeiro punto xa foi descrito no apartado anterior. Ao analizar a Curva de Demanda, vimos como ao variar o prezo de p_1 a p_2 , permanecendo constantes as demais variables, a demanda pasaba do punto A ao B. Este **movemento é ao longo da curva**.

O segundo punto prodúcese cando hai algún cambio nalgunha variable distinta do prezo.


DESPRAZAMENTOS DA CURVA DE DEMANDA (á Esquerda ou á Dereita)
CANDO SE PRODUCEN CAMBIOS NALGÚNS DOS FACTORES DISTINTOS DO PREZO

a) Desprazamento da curva de demanda cara á dereita.

Variación do prezo dun ben substitutivo ou complementario (P_y)

-Se *aumenta o prezo dun ben substitutivo*: diminuirá a cantidade demandada do ben substitutivo, incrementándose, polo tanto, a cantidade do ben obxecto do estudo.

-Se *diminúe o prezo dun ben complementario*: aumentará o consumo do ben complementario e, polo tanto, de todos os bens asociados a el, aínda que non variaran o prezo.



Renda dos consumidores (R):

- Non todos os bens ou servizos teñen o mesmo comportamento de demanda con respecto á renda que dispoña o consumidor, dependerá do tipo de ben do que se trate. Como xa mencionamos, ante un incremento da renda, o aumento de demanda dun ben normal será proporcional a ese incremento de renda. No caso dun ben de luxo a demanda aumentará máis que proporcionalmente, e por último, a demanda dun ben inferior diminuirá.

Cando aumenta a renda media dos consumidores: no caso dos bens normais e de luxo, a demanda aumenta aínda que non variara o prezo do ben ou do servizo (no caso de bens inferiores, o desprazamento da curva de demanda sería cara á esquerda, posto que o ben se substitúe por outro de maior calidade).

Gusto dos consumidores (G):

- Se aumentan as preferencias ou o gusto dos consumidores, a curva desprazarase cara á dereita. O exemplo máis típico é unha peza de vestir que se poña de moda. Aínda que o prezo non varíe, a cantidade de demanda aumenta considerablemente.


b) Desprazamento da curva de demanda cara á esquerda.

Un desprazamento da curva de demanda cara á esquerda virá motivado polos casos inversos vistos no apartado a), é dicir:

Variación do prezo dun ben substitutivo ou complementario (Py):

- Se diminúe o prezo dun ben substitutivo: aumentará a cantidade demandada do ben substitutivo, reducíndose, polo tanto, a cantidade do ben obxecto do estudo.

- Se aumenta o prezo dun ben complementario: implica unha diminución do consumo do ben complementario e, polo tanto, de todos os bens asociados a el.



Renda dos consumidores (R):

- Cando diminúe a renda media dos consumidores: no caso dos bens normais e de luxo, a demanda diminúe aínda que non variara o prezo do ben ou servizo. No caso de bens inferiores o desprazamento da curva de demanda desprázaa á dereita posto que o consumo de devandito ben inferior aumenta.

Gusto dos consumidores (G):

-Se diminúen as preferencias ou o gusto dos consumidores, a curva desprazarase cara á esquerda.

4.2. Desprazamentos da curva de oferta

As modificacións da curva de oferta poden ser de dúas formas distintas:

□ *Ao longo da liña da curva de oferta:* como analizamos no punto 3.2, prodúcese cando o prezo do ben sofre algunha modificación (ao variar o prezo de **P1** a **P2**, a oferta pasa do punto **A** ao **B**). Este **movemento é ao longo da curva**.

□ *Mediante un desprazamento cara á dereita ou á esquerda da curva de oferta* (cando hai algunha modificación en calquera dos restantes factores que inflúen na oferta, é dicir: Na variación do prezo dun ben substitutivo (P_y), nos Custos de produción (C), e Outros motivos como un aumento da tecnoloxía(G).

Ímonos fixar, polo tanto, no segundo punto.

DESPRAZAMENTOS DA CURVA DE OFERTA (á Esquerda ou á Dereita)

(cando se producen cambios nalgúns dos factores distintos do prezo)

a) Desprazamento da curva de oferta cara á esquerda.

Custos de produción (C):

- Cando *aumenta o prezo dos factores de produción* (man de obra, materias primas, etc.), os custos das empresas incrementáanse. Se o prezo de venda dos produtos se mantén constante, as empresas non incrementarán os seus ingresos e, en consecuencia, os seus beneficios diminuirán. Esta perda de rendibilidade traducirase nunha diminución da cantidade ofrecida, posto que a produción dese ben deixará de ser atractiva para a empresa.

b) Desprazamento da curva da oferta cara á dereita.

Este desprazamento sería motivado polo caso inverso do desprazamento da curva á esquerda:

- **Custos de produción (C):** cando diminúen os custos, se os prezos de venda seguen constantes, o beneficio aumentará polo que a fabricación do produto resultará máis interesante.

- **Outros motivos (G):** cun aumento de tecnoloxía, utilizando menos recursos ou factores produtivos, pódese obter unha maior produción.


4.3. Desprazamentos da curva de oferta e de demanda no equilibrio do mercado

Nos epígrafes 4.1 e 4.2 analizamos os desprazamentos teóricos da curva de demanda e de oferta.

Calquera desprazamento das curvas vai orixinar novos puntos de equilibrio.


a) Desprazamento da curva da demanda cara á dereita

Un desprazamento á dereita da curva de demanda implica un incremento no prezo de equilibrio (de p_1 a p_2) e na cantidade ofrecida e demandada (de Q_1 a Q_2). O punto de equilibrio desprázase do punto E ao novo punto de equilibrio E'.



b) Desprazamento da curva da demanda cara á esquerda

É o caso inverso ao anterior. Un desprazamento á esquerda da curva de demanda implica unha diminución no prezo de equilibrio (de p_2 a p_1) e na cantidade ofrecida e demandada (de Q_2 a Q_1). O punto de equilibrio desprazarase do punto E' ao novo punto de equilibrio E.




c) Desprazamentos da curva de oferta cara á dereita

Un desprazamento da curva de oferta cara á dereita provoca unha diminución no prezo de equilibrio e un aumento tanto da cantidade ofrecida coma da demandada.

Un desprazamento da curva de oferta cara á dereita pode ser motivado por, unha diminución dos custos de produción, un aumento ou mellora da tecnoloxía aplicada, etc.

No caso contrario, produciríase un desprazamento da oferta cara á esquerda.


Graficamente representarase así.



Ao producirse o desprazamento da oferta cara á dereita o novo punto de equilibrio E' será aquel onde se produce a intersección entre a nova curva de oferta O' coa da demanda D . O prezo de equilibrio diminúe de p_1 a p_2 , mentres que a cantidade ofrecida e demandada aumenta de Q_1 a Q_2 .

d) Desprazamentos da curva de oferta cara á esquerda

Se o desprazamento é cara á esquerda, teremos o caso oposto, é dicir, o prezo de equilibrio increméntase mentres que a cantidade ofrecida e demandada diminúe.



O prezo de equilibrio aumenta de p_1 a p_2 , mentres que a cantidade ofrecida e demandada diminúe de Q_1 a Q_2 . O novo punto de equilibrio E será aquel onde se produce a intersección entre a nova curva de oferta O' coa da demanda D .

5. A elasticidade

Ao igual que o comportamento do consumo dos bens ante variacións da renda é desigual, dependendo do tipo de ben de que se trate, tamén a resposta dos consumidores e produtores, ante unha alteración no prezo dos bens ou servizos, é diferente.

A elasticidade mide, en termos xerais, o grao de sensibilidade dunha variable aos cambios doutra. Cando falemos do grao de resposta dos consumidores ante os cambios de prezo, referirémonos á *elasticidade da demanda* mentres que o grao de resposta dos produtores ante o prezo viranos determinado pola *elasticidade da oferta*.

5.1. A elasticidade da demanda

Hai algúns bens cuxa demanda é moi sensible ao prezo, é dicir, unha pequena alteración no prezo, provoca grandes variacións na cantidade demandada. Non obstante, hai outros cuxa cantidade demandada, ante unha variación do prezo, segue practicamente sen alterarse. Esta sensibilidade da demanda dun ben ou servizo ante unha alteración no seu prezo é o que mide a elasticidade.


A elasticidade mide o grao de resposta da cantidade demandada ante alteracións no prezo

A elasticidade determínanos, polo tanto, a variación porcentual da cantidade demandada dun ben ante unha variación porcentual do prezo deste. Mídese calculando a porcentaxe en que varía a cantidade demandada dun ben ou servizo cando o seu prezo varía nun un por cento. Dependendo do resultado obtido, podemos determinar que a curva de demanda é:

1. *Elástica*: cando o resultado é maior que 1. Canto maior sexa, máis elástica será (maior sensibilidade á variación do prezo).


2. *Inelástica ou ríxida*: cando o resultado está comprendido entre 0 e 1. Canto máis se achegue a 0 máis ríxida será a demanda.

Representándoo graficamente, teríamos os seguintes resultados.




Demanda inelástica

Cando unha variación porcentual do prezo provoca unha variación porcentual menor da cantidade demandada.



Demanda elasticidade Normal

Cando unha variación porcentual do prezo provoca unha variación porcentual igual da cantidade demandada.



Demanda elástica

Cando unha variación porcentual do prezo provoca unha variación porcentual maior da cantidade demandada.

Existen distintos factores que inflúen en que a demanda dun ben ou servizo sexa máis ou menos elástica, entre os que destacamos os dous seguintes:

1. O tipo de necesidades que satisfaga. Se o ben cobre necesidades básicas, como por exemplo, a enerxía eléctrica, a demanda será ríxida, pois ante subas do prezo, o consumo non se alterará apenas (electrodomésticos, iluminación, cociña, etc.). Pola contra, os bens de luxo adoitan ter unha demanda moi elástica pois ante unha suba de prezos, moitos consumidores prescindirán deles.

2. A existencia de produtos substitutivos. Na medida en que o ben ou servizo en cuestión teña outros substitutivos, a súa demanda será máis ou menos elástica. Por exemplo, no caso de viaxar a outra cidade en autobús ou en tren, ante unha suba de prezos só nun deles, a demanda de transporte aumentará de xeito importante no ben que non subiu de prezo, o que implica que se trata dunha curva de demanda elástica.

Matematicamente, a elasticidade-prezo da demanda vén dada pola seguinte expresión:

$$\text{Elasticidade da Demanda} = \frac{\frac{\Delta Q}{Q}}{\frac{\Delta P}{P}}$$

Sendo:

ΔQ = incremento da cantidade demandada

Q = Cantidade demandada inicialmente

ΔP = incremento do prezo

P = Prezo inicial


Para as empresas, coñecer a elasticidade da demanda dos seus produtos é moi importante, pois a través de dita información poden predicir de xeito teórico o grao de resposta que na demanda se produciría ante unha pequena variación no prezo dos seus produtos, considerando sempre constantes os demais factores

6. Os círculos da economía: círculo vicioso e círculo virtuoso

Agora, imos relacionar os conceptos aprendidos nas unidades anteriores coa teoría da demanda e oferta desenvolvida neste capítulo, para comprender mellor o esquema dos *círculos da economía*.

Os círculos da economía:

No esquema seguinte, xa analizado na unidade 1, recóllense os fluxos, tanto monetarios (trazos discontinuos) como os físicos (trazos continuos), entre as economías domésticas e as empresas. Pero a intensidade de circulación dos fluxos está moi condicionada polo ritmo de actitude da economía e ademais, debido á relación circular, estas relacións retroaliméntanse, polo que as políticas económicas dos Estados deberán equilibrar a intensidade ou o caudal dos fluxos.




Dependendo da situación económica dun país, este atoparase nunha situación de círculo vicioso ou ben círculo virtuoso.

a) CÍRCULO VICIOSO (situacións de crise)


O **círculo vicioso** prodúcese en situacións de crise e pode ser motivado por dúas situacións: por *escaseza de demanda* ou por *exceso de oferta*.

A súa representación esquemática sería a seguinte:



Ou ben:

Por exceso de oferta



b) CÍRCULO VIRTUOSO (situacións de crecemento)

O círculo virtuoso prodúcese en situacións de crecemento, polo que a intensidade ou o caudal dos fluxos é moito máis intenso.

Esquemáticamente, representariámolo así:

